

Cristina Pato,
premio Clara
Campoamor

Páxina V



Área de
Rehabilitación
Integral
nas Neves

Páxina VIII



II edición de
Pinchoterra
en Salvaterra
de Miño

Páxina IX



Tui licita postos
no Mercado de
San Antonio

Páxina XI



Nova Biblioteca
Municipal
na Guarda

Páxina XII



O Mosaico
romano de
Panxón preside o
Salón de Plenos

Páxina XIII



V edición do Túnel do Viño no Auditorio Municipal de Chantada

Páxina II

En marcha a AECT
Raia Seca- Reserva da
Biosfera Gerês-Xurés

Páxina IV



OURENSE

V edición do Túnel do Viño no Auditorio Municipal de Chantada

Manuel Diéguez Carballo, concelleiro de Cultura do Concello de Chantada, informou do programa oficial da edición número 42 da Feira do Viño. Haberá 15 adegas e o pregón lerao José Luís Blanco Diéguez, chantadés nado en 1970, CEO da empresa alemá Nordex, dedicada á fabricación de aerogeradores.

"Haberá poucas novidades, porque temos a nosa Feira do Viño moi consolidada", destacou Diéguez. A de Chantada é sempre a primeira de todas as feiras para exaltar o viño da Ribeira Sacra que se celebran cada ano no territorio.

A principal novidade este ano será a instalación dunha carpa para a degustación de produtos gastronómicos na Rúa Ánxel Gómez Montero.

Programa

A gran carpa, que se comezou a instalar a semana pasada, na Praza de Galicia albergará a maioría da actividade da Feira do Viño. O venres 7 de marzo será a apertura oficial ás 20.00 horas e ás 23.30 horas actuará Grupo América.

O sábado 8 terá lugar, ás 10.00 horas, a cata oficial. Ás 11.30 horas actuará o grupo Searas e ás 12.00 horas lerase un manifesto polo Día Internacional da Muller, que se conmemora nesa mesma xornada. Ás 13.00 horas será o tradicional concerto da banda de



Presentación do programa de festas 2025.

música de Chantada.

Ás 17.00 horas tocarán a charanga Unión Phenosa, Festicultores Troupe e Searas e de 17.30 a 19.00 horas levará a cabo a cata popular, que terá un prezo de participación de cinco euros, na carpa principal. Ás 21.30 horas haberá pase de orquestra Trevo e ás 0.30 horas actuará a orquestra Solara.

O domingo 9, os gaiteiros Os Barrios ofrecerán a primeira actuación do día desde as 11.30 horas. Ás 12.00 horas será a quenda da charanga NBA e ás 12.30 horas, da banda de gaitas do Concello de Chantada. Ás 13.00 horas, José Luís Blanco Diéguez lerá o pregón e ao terminar, sobre as 13.30 horas, entregaranse os premios da feira.

Pola tarde, o fin de se festa será ao ritmo das charangas NBA

e Bicoia, desde as 16.30 horas, e a orquestra Compostela, que empezará o seu pase ás 21.00 horas.

As casetas pecharanse ás 2.30 horas da madrugada o venres, ás 3.30 horas o sábado e ás 0.30 horas o domingo. As botellas de tinto novo venderanse a un prezo mínimo de nove euros e haberá carpas para comer e cear, aínda que non se venderá viño nelas, para favorecer que se adquira só nos postos das adegas participantes.

Túnel do Viño

É a quinta edición desta actividade, destinada a profesionais do sector por un prezo de entrada de dez euros e que se desenvolverá na sala principal do auditorio municipal. Tanto o sábado como o domingo, o horario será de 11.30 a 14.00 e de 18.00 a 20.30.

A Feira do Viño de Chantada celebrase do 7 ao 9 de marzo



Os empresarios organizan a Feira de Oportunidades

Na segunda fin de semana de marzo, do 7 ao 9, celebrarase a XLII Feira do Viño de Chantada, que como é habitual abre as feiras do viño na denominación de orixe Ribeira Sacra. A cita en Chantada anúnciase, un ano máis, da man do artista multidisciplinar, Juan José Lomarti.

O autor leva varios anos elaborando os carteis para anunciar a Feira do Viño de Chantada. En anteriores ocasións os seus deseños reflexaron o icónico da Feira, utilizando uvas, botellas, copas ou cores para representar a esencia aromática do viño; noutras, a protagonista foi a figura humana, como é o caso do cartel deste 2025.

"Quería representar alegría e celebración festiva, ademais dos

matices do viño,...a proposta deste ano é máis de festival, de celebración humana", explica Lomarti.

Durante os tres días de Feira degustaranse os viños das ribeiras de Chantada e contarase con actividades ao redor do viño, actuacións musicais e a Feira de Oportunidades da Asociación de Empresarios de Chantada. Unha vez presentado o cartel, a organización convoca ás adegas nun encontro previo á celebración.

O alcalde do Concello de Chantada, Manuel Lorenzo Varela, anima a participar na Feira que abre o calendario de feiras do viño, "e que representa un dos nosos produtos máis emblemáticos, o que converte a Feira do Viño nunha das citas máis representativas e festivas do Concello, como reflexa o cartel de Lomarti"

Galicia Gourmet

**25 años haciendo amigos
Seguimos trabajando para ti...**

**Almacén y oficinas: Ctra. de Baltar Km 3. Xinzo de Limia
Tenda: Santo Domingo 4, Praza do Ferro. Ourense
648 49 67 56 www.productosdeg Galicia.com**

42 FEIRA DO VIÑO DE CHANTADA



7-8-9 Marzo 2025



CONCELLO DE
CHANTADA
de Galicia
www.concellodechantada.org

Ribeira  Sacra



OURENSE

Nova Agrupación Europea de Cooperación Territorial



A Deputación de Ourense impulsa coa Xunta de Galicia e coas Comunidades Intermunicipais do Alto Minho, Cávado e Alto Tâmega e Barroso unha nova Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), a cuarta que se constitúe na Eurorrexión e que servirá para incrementar a cooperación co territorio luso.

O vicepresidente terceiro da Deputación, Plácido Álvarez Dobado, reuniuse co alcalde de Arcos de Valdevez, João Esteves e o primeiro secretario da Comunidade Intermunicipal do Alto Miño, Paulo Queiroz, que chegaron a un acordo sobre o Convenio Constitutivo e os Estatutos da futura Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) da Raia Seca – Reserva da

Biosfera Gerês-Xurés.

Á reunión asistiron tamén o subdirector xeral de Acción Exterior e cooperación transfronteiriza da Xunta de Galicia, Xosé Lago, e a asesora xurídica da Deputación de Ourense, Ángeles Cantón.

A nova AECT estará composta pola Deputación de Ourense, en representación dos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobios, Lobeira, Baltar, Padrenda, Vereia, Quintela de Leirado, Muíños, Cualedro, Oímbra e Monterrei.

Pola parte portuguesa, estarán as Comunidades Intermunicipais do Alto Minho, Cávado e Alto Tâmega e Barroso, en representación dos concellos de Arcos de Valdevez, Melgaço, Ponte da Barca, Terras de Bouro e Montalegre.

Esta AECT é a cuarta que se

constitúe na Eurorrexión, tras a de Galicia-Norte de Portugal, que abrangue todo o territorio de Galicia e a Rexión Norte de Portugal (a primeira que se creou na Península Ibérica e a terceira de Europa); a de Chaves-Verín e a do Río Miño, esta última na provincia de Pontevedra.

A AECT servirá para incrementar a cooperación con Portugal, en especial na contorna da Baixa Limia e da Reserva da Biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés e servirá para dar maior visibilidade a esta zona da fronteira e para estar mellor preparados para poder captar fondos europeos para o desenvolvemento destes territorios. O convenio pasará por pleno da Deputación de Ourense para a súa aprobación.

A 62ª Feira do Viño do Ribeiro será en maio



O xurado do Concurso de Carteis da 62ª Feira do Viño do Ribeiro reuniuse na sede do Consello Regulador do Ribeiro, en Ribadavia, para elixir o cartel que representará a Feira do Viño do Ribeiro 2025, que terá lugar na vila ribadaviense do 1 ao 4 de maio.

O cartel gañador está deseñado por Diego Gil Hernando, de Burgos (Castilla – León) e foi elixido entre 69 propostas presentadas. El é arquitecto de interiores, natural e residente en Burgos e actualmente realiza traballos como freelance de deseño, cartelería e logotipos. En relación á idea que o inspirou comenta que “o deseño representa a explosión de aromas, sabores e sensacións que produce o viño no momento da cata a través das nosas propias emo-

cións. Prodúcese unha experiencia multisensorial que involucra os cinco sentidos.” Ademais engade que ao protagonista o quixo ataviar “cunha vestimenta con grafismos relativos ao mundo vinícola cunha paleta de cores planos vivos que evocan o ambiente festivo do evento.”

Para a elección do seu cartel anunciador, o concurso contou cun xurado integrado por profesionais no ámbito do deseño gráfico e dos coorganizadores da Feira do Viño. O grupo tivo que deliberar entre 20 obras preseleccionadas polo público. Un total de 186 persoas emitiron os seus votos durante o prazo para a preselección, que foi dende o 27 de xaneiro ata o 9 de febreiro. Todas elas foron sometidas ao xuízo, resultando a obra gañadora premiada con 1.000€.



Restaurante A Rola

Carta: bacallau á portuguesa;
Ameixas mariñeira; Anguías;
Lenguado; Chuleta tenreira.
Cocido os domingos.
Menú do día 12 euros.
Fin de semana 16 euros.
Abrimos todos os días.

Tfños. 665 51 25 86/ 613 74 99 37

Complexo turístico O Corgo. Mugueimes. Muíños. (Ourense)

Entrimo e Calvos de Randín reciben axudas do Estado

O Estado achegou 120.000 euros a Entrimo e 87.000 euros a Calvos de Randín para o servizo de axuda no fogar. En relación ao cal Eladio Santos, subdelegado do Goberno, apuntou que “o Goberno autonómico ten a responsabilidade de aumentar a súa aportación a Ourense.

No caso de Entrimo, Eladio Santos tratou co rexedor municipal, Ramón Alonso, a axuda de 33.000 euros concedida para a mellora de camiños rurais de acceso a parcelas agrícolas, que está cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, o Estado e a Xunta de Galicia.

Ademais, trataron a inversión de 600.000 euros para a reforma do antigo casino e a súa reconversión en hotel e albergue, dentro do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos a través dos fondos europeos Next Generation; así como a aportación estatal de 200.000 euros nos últimos anos para a mellora da eficiencia enerxética no concello.

Polo que respecta á implantación da banda ancha en todos os municipios do rural, obxectivo do Programa ÚNICO, o subdelegado adiantou que “vai a ser inminente”



Eladio Santos e Ramón Alonso, alcalde de Entrimo.

a chegada deste servizo ás poucas poboacións que restaban por contar co mesmo na zona.

Nesta visita, Eladio Santos tamén puxo en valor a iniciativa “Horizonte Entrimo”, presentada ao programa de axudas de reto demográfico, do Ministerio de Transición Ecolóxica, no cal se lle concedeu, á espera de resolución definitiva, un orzamento de 200.000 euros para o seu desenvolvemento. “Trátase dun proxecto moi interesante e completo, para a transformación do concello, dos espazos turísticos e da súa habitabilidade, que pon en evidencia a boa xestión actual, que elabora proxectos interesantes e atractivos que logran acadar este tipo de axudas e se mantén sempre atento a todas as convocatorias dos ministerios”, destacou o subdelegado.

Calvos de Randín

Pola súa banda, durante a visita a Calvos de Randín, Santos tratou co rexedor municipal, Aquilino Valencia, o apoio do Goberno do Estado ao municipio a través de axudas como a de 83.000 euros para a renovación do seu alumado público; a subvención de 4.600 concedida para a mellora de camiños municipais; os 1.600 euros recibidos dentro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e os avances para a implantación da banda ancha.

Tamén se fixo repaso dos traballos de mellora levados a cabo pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a renovación do saneamento e abastecemento, cunha inversión de máis de 800.000 euros en Entrimo e 250.000 euros en Calvos.

Cristina Pato, premio Clara Campoamor

O xurado do XIX Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades, acordou por unanimidade concederlle o galardón deste ano á artista ourensá Cristina Pato Lorenzo, “muller comprometida e referente que reflicte, con total merecemento, o espírito deste premio”, segundo expresa a acta da xuntanza na Concellería de Igualdade.

Música, escritora, educadora e produtora, Cristina Pato comezou a súa formación musical no Conservatorio Municipal de Música de Ourense e aos 6 anos ingresou na Real Banda de Gaitas de Ourense. Aos 18, publicou o seu primeiro disco titulado Tolemia, co que se converteu na primeira muller en gravar un disco en solitario como gaiteira en España. O seu traballo e proxección internacional vén avalada por infinidade de premios. En 2017 recibiu un Grammy xunto á banda Silk Road Ensemble, coa que colabora en Nova York, e nese mesmo ano recibiu a Medalla Castelao.

“A súa traxectoria profesional esténdese máis aló do recoñecemento no mundo da música -



subliña a acta do xurado-. Como educadora, desenvolveu o seu propio camiño para facer uso das artes como unha ponte de colaboración entre as Humanidades e as Ciencias en varias institucións académicas en todo o mundo. No ano 2022 publica a súa primeira novela No día do seu enterro coa Editorial Galaxia. Muller comprometida e referente que reflicte, con total merecemento, o espírito deste premio”.

ADEGA VELLA
Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfns 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

acouBAR
Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

Taberna Enxebre
Tfno 607 085 027
Rúa Unión, 2. Ourense

Tizar
Gourmet
Tel: 988 78 26 89
Tel: 633 84 90 10
Plaza de Santa Eufemia, 5
32005 Orense
tizargourmet@gmail.com
Facebook @tizargourmet
Instagram @tizargourmet

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O galego -tamén- é política

Afirmarmos no galego como lingua propia, vital é útil, como este domingo 23-F fixeron dúcias de milleiros claro que é facermos política. Outra cousa é que non sexa-nin haxa ser-política partidista. Porque ocupar o espazo público e investir o tempo de lecer nun exercicio cidadán para nos afirmar no uso público da lingua de noso é un acto substancialmente político.

Como tamén foron políticos (e estes si partidistas) a malfadada e extremista demostración da Galicia Bilingüe do 1-F do 2009, na que Alfonso Rueda partillou presidencia con persoas tan amigas deste país como Rosa Díez (líder da disolta organización centralista UPD), a aprobación do Decreto da Xunta de plurilingüismo de 2010, a exclusión do deber de coñecer o galego, catalán e euskera como linguas cooficiais no Estado na Constitución vixente (1978) ou os centos de normas que obrigan usar o castelán e dificultan vivirmos en galego na vida cotián.

Demostrou este grande evento na capital de Galicia que un sector moi activo e operante do País afirmase no galego como lingua vital, mentres as enquisas reflicten (canda a nidia vaga descendente no uso da nosa lingua, que constitúe unha evidente emerxencia lingüística) a favorable actitude da maioría social galega a respecto do galego, sendo moi minoritaria a presenza de opinións contrarias á presenza maciza do galego na vida social, económica, cultural, deportiva, política e en todos os niveis da educación.

Semella, pois, que un sector importante da cidadanía galega non acredita no proceso de dinamización lingüística que a Xunta di querer desenvolver, a medio das equipas que coordina o académico Manuel González e na que partillan expertos de moita ciencia, experiencia e mérito. Mais a reacción do conselleiro responsábel da Lingua fronte esta demostración cívica semella querer voar as pontes ao alumar de extremistas aos que concorreron este



domingo en Compostela.

Até de agora cómpre recoñecer que o PP tivo na sociedade civil e na oposición política unha actitude ben dialogante. No canto da defensa de postu-

ras de máximos os distintos axentes sociais e políticos (BNG, PSdeG, sindicatos, RAG, Queremos Galego, ANPAS, sindicatos do ensino...) chaman a atención sobre propostas de mínimos como a necesidade da actualización daquel Plan para a Normalización Lingüística aprobado pola unanimidade (PPdeG, BNG, PSdeG) do Parlamento de Galicia no 2004, a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias e máis a revisión substancial do Decreto de Plurilingüismo da Xunta do 2010. Mais semella que para o PPdeG non é posíbel o pacto pola lingua mesmo nin arredor deses mínimos

Velaí que moitos dos que levamos meses defendendo a necesidade deste pacto pola lingua imos chegando á conclusión de que non vai ser posíbel. E de que o BNG, o PSdeG, os sindicatos, as ANPAS e os axentes da sociedade civil non poden nin deben agardar indefinidamente pola Xunta para pactar estes mínimos esenciais e levalos adiante naqueles espazos das actividades empresariais, culturais, administrativas, deportivas, culturais e paraescolares nos que se poida influír, con nomeada atención sobre eses espazos urbanos nos que, ademais, a oposición ao PPdeG goberna nos concellos e mantén unha presenza importante na súa vida social.

Seica chegou a hora de dicir que por aí non se vai ben nin se vai quitar proveito ningún. E construír, tamén canro á dinamización e normalización do galego, unha alternativa que poida chegar, nomeadamente á Galicia á que máis urxente lle cómpre, que é a Galicia urbana.



Por Nemésio Barxa

Paridade

Em datas próximas ao Dia da Mulher e com a aprovação no Parlamento do Pacto de Estado contra a violencia de género, que actualiza, melhora e renova a legislação vigente ao respecto, convém tamén fazer memoria dos atrancos da mulher para conseguir sua autonomia.

A situación das mulleres na historia, com escasas excepcións, sempre foi de submetimento ao homem ou á familia. Em qualquer sociedade ou religião. Na Cristiana provavelmente originada polo seu conceito sobre a criação do mundo desde o que outorga á mulher um status de dependência, como extraída da costela do homem; (outra versão é a de que Deus criou ao homem e a mulher. Adão e Lillih, de pó, em igualdade de condições, Lillih negou a primacia do homem e ao não consegui-lo desapareceu, ignorando incluso a chamada de Deus, polo que o Criador decidiu criar uma Eva sumiça). Em Espanha, ainda no S. XIX a mulher seguiu discriminada social, jurídica e politicamente; com a chegada da II República obtivo a igualdade legal, a consideração de cidadãs com os mesmos direitos que os homens. A sublevação fascista/franquista supujo para a mulher a



perda de todos os direitos adquiridos, de novo submetida á autoridade patriarcal exercida polos varões, pais ou irmáns as solteiras e seu marido as casadas, precisando seu consentimento para realizar quaisquer atividades económicas ou no âmbito legal. Para os nostálgicos da Ditadura e para os mais novos é importante ter presente as restrições de direitos a que nos pode levar o fascismo, plasmadas no ideário da Sección Femenina, que dirigia a educación da mulher, p.ex. "A traves de toda a vida a missão da mulher é servir", ou "a ideia de toda mulher...é um eterno desejo de encontrar a quem submeter-se". Nos estudos

a mulher ficava igualmente discriminada.

A partir dos 1.960 pudesse incorporar ao estudo universitário e ao trabalho remunerado fora do fogar, mas até a Lei de 28.12.66 não podó ter acesso aos cargos de Fiscal e Juiz, ligados historicamente ao homem, e só 11 anos mais tarde ingressou a primeira mulher na judicatura. Chegada a Democracia e aprovada a Constituição ("os espanhóis são iguais diante da lei...") e especialmente já no S.XXI, as profissões envelhadas ao setor jurídico acusarem a incorporação massiva de mulheres, tanto fiscais como juízas, advogadas, procuradoras..., que hoje copam maioritariamente esses estamentos defendendo uma igualdade de sexos e assumindo já postos de poder (a presidenta do Conselho Geral do Poder Judicial é uma mulher). Foi a partir de 2.017 que centos de miles de mulheres em todo o mundo, também em Espanha, levantarem suas vozes por umas sociedades mais igualitárias, conseguindo logros reais e políticos que deram a volta a umas sociedades muito permissivas com atitudes machistas, ainda que na Justiça, pese a importante incorporação de mulheres, foi escassa e renuente esta transformação. Desde aquele ano parece que o movimento feminista tomou pulo, mas pronto as desavenças entre as mesmas feministas, já

não so com as mulheres católico-tradicionais, e os casos de descaro em alguns dirigentes de organizações netamente feministas (não deveríamos culpar às organizações como tais nem que umas se botem contra outras) produzem um desconcerto nas políticas feministas, entendidas como instrumentos essenciais para construir sociedades mais igualitárias, democráticas e justas.

O ramo a esta legalidade igualitária é a L.O. de 01.08.24, de "Paridad de Género" ("de representação paritária e presença equilibrada de mulheres e homens") que obriga a grandes empresas e AGE a contar com um mínimo do 40% de mulheres nos seus órgãos de poder. Modifica também a Lei de Colégios Profissionais para que as juntas de governo, comités de direção u órgãos assimilados deverão garantir que o gênero menos representado ocupe ao menos o 40% dos postos. Imos caminhando, mas considero que não é o caminho que, p.ex., no Colégio da advocacia de Ourense se apesente, e seja eleita, uma candidatura para a Junta de Governo integrada por 9 mulheres e um homem.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró


Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Cambio de ciclo

Debemos ir facéndonos á idea de que un novo ciclo comeza. Novo ciclo cruel e cheo de inxustizas. Si, de deshumanizacións despois dos “democráticos” resultados das eleccións alá onde din que todo gobernan e para todo o mundo. O que nunca parecía posible pois a mesma sociedade establecía filtros para que non sucedera, aí vén con insultos á cordura e á intelixencia. Quedan atrás tempos, quizais despois chorados no silencio, en que a memoria demostre de novo que nunca é tarde para loitar e que na vida comeza axiña a ser tarde. Todo isto llo debemos aos gobernantes relaxados, aos que se deixaron ir e contentaron co grao tan baixo de dereitos, de igualdades, de básicos servizos e de axudas. Os tempos xogan connosco, fannos crer e relaxar vontades. Unha mágoa, porque ben pensado todo isto vén cocido no pasado. Había signos que indicaban o devalo no medio duns parámetros de satisfacción social e de conforto. A oposición, tan ousada, tentou os demos e fixo apoloxía de medos e horrores, de solucións imposibles que ben sabemos nunca empregarían se estivesen no goberno. Déronlle paso á desculpa, á mentira, á afronta, permitimos signos de absolutismo e de necidade. Consentiron a



utilización dos medios para repetirnos mentiras e así convencer aos incautos, moitos que de calquera xeito aprobaron a reacción aquela que, cando estaban no goberno, non empregaron. Pero que se lles acorda agora que non teñen responsabilidade na mesma causa.

Algo di que isto que sucede agora -quizais non tan pronunciado- xa pasou noutros

idades que nin sequera temos a ben lembrar. Si, porque a estupidez humana é así, capaz de esquecer erros pasados e non aprender deles, quizais de obviar o ilustrado pensamento, a intelixencia. Capaz de tropezar nas mesmas pedras, unha e mil veces. Volve os que louvan a morte, os que aman as guerras, os que venden armamento, os que buscan sempre beneficio, os amigos da traxedia, os que nunca se mollan, os que nunca se involucran, os que menten, tapan a culpa e son cómplices. Os que impunemente se pasean diante da xustiza e rin dela, os que se divirten na estafa e no fracaso alleo. Xente que xogan a personalizar neles o ben común, a cuantificar todo, a beneficiarse do seu momento de gloria a pesar do dano aos máis vulnerables e que sofren os seus caprichos.

Parece ser que debemos afacernos a ese tipo de reproches. Como puidemos chegar aquí? Como foi posible que todo un sistema, que se cría case perfecto e permitise tal estado de cousas. Non hai que ser moi hábiles para ver e adiviñar as cousas que serán capaces de facer estas xentes perturbadas, faltos de valores e da mínima educación, sen respecto nin a contención da súa vontade que saben perigosa e conduce ao delito.

Deberemos sequera recoñecer que algo

se fixo mal, non funcionaron as alertas, que a aqueles signos que aventaban o mal, este mal, non lles fixemos caso. Non soubemos valorar o risco nin quixemos recoñecer que a vida é unha loita constante, de día a día, tamén nos parlamentos. A loita por manter dereitos e por buscar unha sociedade xusta, pasa por exercer diariamente o encontro, a lucidez, a defensa, a pugna e o debate, o empeño e o esforzo, a competencia na práctica do ben social, na dignidade humana, na recuperación e reposición das inxustizas cometidas.

Estes cambios de ciclo quizais non tan pronunciados como este, xa sucederon noutras épocas e séculos que aínda ecoan. Seguro que houbo caídas tan acusadas e, seguro tamén que soubemos erguer a pesar do empobrecemento social que iso supuxo, sobre todo na xente do común, aquela que nunca participa das reparticións da abundancia. A memoria é moi importante para non volver caer na mesma pedra. Tamén saber a verdade e non permitir que estas xentes, que andan á marxe da lei suprema do respecto e a liberdade, campen impunes e ofensivos. Máis que nada para que non nos fagan perder o tempo nin arruínen a digna condición humana, que espera sempre a súa liberación.



Por Xoán Carlos Caballero

Trump en Torrente 6

Cinematográficamente definiríame como un entusiasta do cine Torrentino, non confundir co de Tarantino, pola capacidade que ten Santiago Segura de converter en actores a infinidade de personaxes como Cañita Brava, el Señor Barragán, Paquirrín, Jesulín de Ubrique, Belén Esteban e un longo etc de persoas que nada teñen que envexar aos intérpretes clásicos. Si falamos de series televisivas, quedaríame co Príncipe de Bel-Air, no cal facían cameos xente coñecida non relacionada co mundo do cine. Recordo en especial unha aparición de Trump intentando comprar a casa dos protagonistas con diñeiro negro.

As participacións de Donald en series de TV son innumerables, na maioría interprétase a si mesmo e poderían definirse como cameos pajilleros, nos que todos o masturban impudicamente polo feito de ser millonario. Agora, o de ser presidente non é un cameo, aseméllase máis á converter en realidade a ficción da saga completa de “Torrente, el brazo tonto de la ley”

Hai motivos dabondo no filme que fan sospeitar que Trump ten a Torrente como referencia. Entre outros, a posta en escena, o vocabulario, as expresións faciais, a



linguaxe corporal, o racismo, o machismo, a facilidade de rodearse de axudantes estafalarios e a de ter un fillo tonto. A modo de exemplo, a sinatura do “Decreto das palliñas” no despacho oval é cuspida á escena máis coñecida, que se repite en tódalas películas de Santiago Segura, na que o intrépido detective lle propón aos

seus axudantes “hacerse unas pajillas pero sin mariconadas”. Donald di mentres asina a nova lei: “Hai que volver a facerse pallas como as de toda a vida, as de agora cando a cousa está quente duran segundos” “Probeinas en moitas ocasións e acaban rompendo ou estoupando”. O facinoroso Ellon Musk non tardou en contestar: “Querote Donald! Tanto como un home heterosexual pode amar a outro home” ao que o comandante en xefe respondeu: “Non creo que as nosas palliñas afecten aos nosos tiburóns (políticos) mentres cruzan trabando polo Golfo de América”. Ten moita chispa laranxiño.

Outra coincidencia entre a película e a realidade é a obsesión que tiña Cañita Brava con cobrarlle as seis mil pesetas de whisky a Torrente, que é exactamente a mesma obsesión que ten Trump con cobrarlle aranceis a medio mundo. Un economista teórico experto en cine definiría esta situación como unha Cañitización do presidente.

En canto as escenas de sexo na película, teño dúbidas de si Santiago Segura inspirouse en Trump ou si este en Torrente. Son innumerables as babosadas e abusos sexuais do protagonista da saga que tamén coinciden coa vida real do mandatario americano, que alardea de facer o que

quere coas mulleres porque é rico. Adiviñen que personaxe pronunciou esta frase: “Cando eres unha estrela, elas déixanche facer calquera cousa, ata agarralas pola cona”

Trump podería interpretar ao malvado Spinelli (José Luís Moreno) ameazando con bombardear unha cidade con misis balísticos de longo alcance, ao imbécil butaneiro que esquece meter o freo de man ao camiión que acaba provocando unha explosión, a Paquirrín cando ameaza coa deportación a dúas mulleres negras, a Jesulín de Ubrique intentando sin éxito manexar un ordenador e a Chiquito de la Calzada de vixilante de seguridade. O seu fillo Barron podería caracterizar a Pepito Torrente lavando as mans antes de ouriñar, seguindo as ensinanzas do seu pai o cal lle explicou que hai dous tipos de homes, os que lavan as mans antes de mexar e os que o fan despois, porque o carallo é sagrado, o centro do universo mundial, a mangueiriña da alegría. En fin, todo en Torrente recórdame a Donald Trump.

Esperemos que Melania se salve deste despropósito e non acabe sendo chimpada polo oco das escaleiras da Casa Branca, como lle sucedeu a Belén Esteban en Torrente 4: Lethal Crisis.



CONDADO/ PARADANTA

Área de Rehabilitación Integral nas Neves

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, indicou que a Xunta vén de declarar a nova Área de rehabilitación integral (ARI) no Concello das Neves co obxectivo de facilitar a rehabilitación de vivendas e obras de urbanización.

A ARI abrangue dúas zonas diferenciadas que conforman un ámbito discontinuo que acada 138 vivendas, nun total de 123 edificios. A superficie total da zona é de preto de 90.000 m².



380.000€ para mobilidade peonil na Igrexa de Cabeiras

A Deputación de Pontevedra adxudicou por 380.000€ os traballos para afrontar a mellora da mobilidade peonil no treito antigo da estrada provincial EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, concretamente na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras,

en Arbo. O proxecto será financiado ao 100% pola Deputación, xa que o Concello de Arbo cubre o 20% que lle corresponde no marco do convenio firmado entre ambas administracións cunha achega do Plan +Provincia.

Trátase da segunda fase dunhas

obras que buscan reordenar e mellorar a contorna e os espazos públicos no ámbito da igrexa e do Campo da Festa, incluíndo o viario de acceso a ambos equipamentos, nun tramo de case 270 metros de dobre sentido de circulación e de sección variable.

Prazos e inscricións para a Festa da Lamprea

A partir do 7 de marzo e ata o 14 de abril, o Concello de Arbo abre as bases de participación dirixidas aos profesionais de atraccións, casetas e venda da LXV Festa da Lamprea que terá lugar os días 25, 26 e 27 de abril.

VIII Andaina da Lamprea

Coincidindo co actos previos á Festa da Lamprea, o Concello de Arbo organiza a VIII Andaina da Lamprea o domingo 13 de abril. A actividade arrincará na Praza do Concello para un percorrido de 12 quilómetros. A data límite para anotarse é o próximo 10 de abril e pódese facer no Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea “Arabo” e a través do enderezo electrónico do Concello.

BTT da Lamprea

Ata o 3 de abril está aberto



o prazo de inscricións para a BTT da Lamprea que se celebrará o domingo 6 de abril con 45 km aproximadamente de percorrido en bicicleta polo municipio de Arbo. As prazas quedan reducidas a 150 participantes.

Carta ao Director

A asistencia ás emerxencias en Galicia

Ante todo aclarar que GALICIA so conta con sete corpos de bombeiros nas respectivas sete grandes cidades.

Os catro consorcios contra incendios e salvamento de GALICIA son uns precarios servizos pola dimensión das comarcas a cubrir; así como pola escaseza de efectivos contratados a través de concesionarias convertindo as situacións de emerxencia nun negocio o estar en cada instalación tres persoas de garda ou incluso a veces dúas.

Incluso moitas veces distintas comarcas sen ningún servizo pola carencia de efectivos en moitos casos con idades arriscadas ós efectos de afrontar os cometidos propios

de un bombeiro o rebasar os 60 anos.

No caso de ser en realidade un bombeiro con esa idade; xubilado ou en segunda actividade.

A pesar de estar os catro consorcios mencionados baixo xestión pública na actualidade a situación non mellora no máis mínimo.

A XUNTA DE GALICIA ós efectos de cubrir as chamadas zonas de sombra nas situacións de emerxencia crea e transforma ós controvertidos GRUMIR en GES como nos casos de MOS, A GUARDA, VAL MIÑOR ou mesmo PONTEAREAS. Neste último municipio recoñecer a valorada decisión do concelleiro de seguridade cidadá no incre-

mento de efectivos ata os tres de garda; a pesar que o convenio suscrito entre as distintas administracións só obriga a dous efectivos de garda o que resulta a todas luces insuficientes e incluso con tres. A lei obriga os concellos con máis de 20.000 habitantes a contar con un servizo de asistencia nas emerxencias. En cambio existe un limbo legal que en ningún caso obriga a creación do respectivo corpo de bombeiros.

Aínda así numerosos concellos de GALICIA con máis de 20.000 habitantes sen o obrigatorio servizo de asistencia nas emerxencias en connivencia coa XUNTA DE GALICIA.

REDONDELA, CANGAS DO MORRAZO, MARÍN son un mínimo exemplo sen o obrigatorio servizo.

No caso do CONCELLO DE PONTEAREAS coa concesión do GES está na obriga de prestar servizo en principio A PARADANTA

e CONDADO ante unha emerxencia vía 112-GALICIA baixo xestión privada ata ó extremo que sen ser recoñecidos como efectivos de unha sala de comunicacións de emerxencias.

En consecuencia no caso do CONCELLO DE PONTEAREAS tres efectivos ante máis de 50.000 habitantes e moitas veces coa instalación porriñesa do consorcio sen servizo o que conleva a inoperatividade do camión de intervención en altura o existir edificacións na vila ponteareana con ata oito alturas e reforzo de medios humanos.

A mellor conclusión é que nada suceda ante a escaseza e carencia de medios da que son responsables na maioría dos casos as deputacións e coa entrega sen sentido pola XUNTA DE GALICIA de BOMBAS RURAIS LIXEIRAS a concellos como A LAMA e A CAÑIZA.

Jose Carlos Represas Domínguez
D.N.I. 76.894.904-Q

AS TAPAS GALEGAS DE TODA A VIDA

PETISQU'EIRA
Rosalía de Castro, 62 - Telf: 639 244 940
SALVATERRA DE MIÑO

TRAGAD'EIRA
Santa Ana, 3 - Telf: 694 416 706
BOUZAS - VIGO

Bodegón

SALVATERRA DE MIÑO

II edición de Pinchoterra en abril

O Concello de Salvaterra reuniuse cos locais de hostalaría do municipio para organizar a que será a II Ruta Pinchoterra, unha proposta gastronómica que nacia fai un ano deixando bo sabor de boca entre o público.

Despois do éxitos acadados na anterior edición con máis de 12.500 pinchos vendidos, este 2025 a ruta terá lugar no mesmo mes de abril pero ampliase ós xoves e serán dúas xornadas (xoves e venres) nas que máis de vinte locais do casco urbano e das parroquias ofertarán entre os consumidores propostas gastronómicas diferentes, pinchos elaborados e coa esencia de cada establece-



mento. Mantense que os que participen na ruta deberán selar o seu pasaporte cun total de 6 selos diferentes para entrar no sorteo de máis premios e votar polo seu pincho favorito de entre todos os establecementos participantes.

Fase final para a humanización da rúa Miño

A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, e a Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, realizaron unha visita ao inicio da obra de humanización da rúa Miño, que está a punto de rematar coa mellora das beirarrúas, calzada, rede de saneamento, alumeadado público e arboredo, unha obra necesaria polo intenso tráfico de 10.000 vehículos diarios.

A representante autonómica destacou que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), dependente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas,



rematará o vindeiro mes de marzo a obra “Conexión da ponte internacional coa PO-510 (Salvaterra de Miño)”. As obras teñen un custe de conta cun orzamento de 381.500,03€.

Acondicionamento dos vestiarios no Oural

Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, o concelleiro de Obras, Ernesto Groba, e o concelleiro de deportes, Edgar Martínez, supervisan o avance das obras que se están realizando no campo de Fútbol do Oural, financiadas a través do primeiro Plan Extraordi-

nario de Infraestruturas Deportivas convocado pola Deputación de Pontevedra no ano 2024 e co-financiado a través do Plan +Provincia 2024.

O proxecto baséase no acondicionamento dos locais existentes debaixo da bancada para acoller no seu interior dous ves-

tiarios máis. O investimento, de máis de 88.000,00€, da resposta a unha vella reclamación dos usuarios e atópase enmarcado no plan estratéxico municipal para a mellora das infraestruturas deportivas, que prevé destinar preto de 1.000.000 € no próximo ano.

IES Salvaterra co proxecto Monte Vivo



O IES Salvaterra de Miño, en colaboración co Concello, a ANPA, a Comunidade de Montes de Vilacoba e o Distrito Forestal XVII; organizaron unha plantación para o alumnado de 1º ESO e 3º ESO e para 1º de FPB Madeira.

En total foron preto de 100

rapaces e rapazas do centro educativo de Salvaterra de Miño que participaron na plantación de máis de 130 árbores na parroquia de Vilacoba. Esta actividade forma parte das accións enmarcadas no Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES)

Festival de Poesía do Condado

A Sociedade Cultural e Deportiva (SCD) do Condado abriu a convocatoria para a realización do Certame Literario “Festival da Poesía no Condado”, recuperando así unha iniciativa que botou a andar en 1975 co I Concurso Literario Escolar en Salvaterra.

O certame, dirixido á mocidade menor de 20 anos, levarase a cabo o 6 de setembro en Salvaterra baixo o lema 'Em galego somos nós'. O premio estará dotado nun vale de 300€ a gastar en material informático e/ou escolar en establecementos de Salvaterra.

Humanización da Capela de San Roque en Cabreiras

O Concello de Salvaterra foi un dos beneficiados dentro do Plan Extra da Deputación de Pontevedra para a humanización do entorno da Capela de San Roque en Cabreiras. Esta obra conta cun orzamento de 553.641,55€ e pretende valorizar este entorno cultural e arquitectónico no marco dos obxectivos fixados na axenda 2030, no Plan de Acción



polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES) e o Plan de Mobilidade Sostible do municipio.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.

Calefacción eléctrica

Instalaciones y montajes eléctricos

Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Telf: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185

Pol. industrial Chan da Ponte

36450 - SALVATERRA DE MIÑO

LA OJIVA

ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño

Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

Consulta pública para normativa urbanística

A ta o 6 de marzo, o Concello de Tui ten aberto un trámite de consulta pública para a elaboración da Ordenanza reguladora da conservación e rehabilitación de inmobles, informe de avaliación de edificios e rexistro municipal de solares.

O obxectivo desta normativa é garantir a seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público dos terreos e edificacións do municipio. A nova ordenanza busca adaptar a normativa vixente ás necesidades específicas do Con-



cello establecendo procedementos máis áxiles e claros para cumprir as obrigas de conservación e rehabilitación..

Datos positivos en emprego

O desemprego no Concello de Tui experimentou unha notable diminución nos últimos anos, pasando do 30,81% en 2013 ao 11,99% en decembro de 2024. En decembro de 2024 eran 945 as persoas que estaban en situación de desemprego, o que supón unha mellora respecto ás 1.041 rexistradas en 2023 e ás 1.303 de 2020.

O goberno municipal reafirmou

o seu compromiso coas políticas activas de emprego a través da execución de 3 Programas Integrados de Emprego e 3 Obradoiros de Emprego que, desde o ano 2019, mobilizaron máis de 2.000.000 de euros e melloraron a empregabilidade de máis de 350 persoas. Tamén reforzou o seu apoio ás persoas desempregadas a través do Servizo de Orientación Laboral.

Actualmente, o sector servizos concentra o maior número de persoas desempregadas (629), seguido da industria (106), a construción (67) e a agricultura e a pesca (44). En canto ao desemprego por xénero, as mulleres representan o 59,47% do total (562 desempregadas), mentres que os homes supoñen o 40,53% (383).

Proxección de "Prefiro condenarme" de Margarita Ledo e encontro coa autora

O 6 de marzo, ás 19 h, no Espazo Sociocultural da rúa Camilo José Cela proxectarase o documental "Prefiro condenarme", dirixido pola prestixiosa cineasta Margarita Ledo Andión dentro da programación do 8M do Concello de Tui baixo o lema "Os Nossos Dereitos, hoxe, mañá e sempre!". Tras a proxección o público poderá participar nun encontro coa autora.

O documental reconstrúe a historia de Sagrario Ribela Fra, unha mariscadora de Ferrol que en pleno franquismo (1972), foi sometida



a un xuízo por adulterio nun tribunal eclesiástico de Compostela. Contra todo prognóstico, foi absolta. A través do relato deste caso real, o documental mergúllase

na opresión social, a violencia de xénero e a falta de dereitos, pero tamén na forza de quen desafia as normas establecidas para reclamar liberdade e dignidade.

"Coida o corpo" en todas as parroquias

Tui desenvolverá a partir de marzo o programa "Coida o corpo" en todas as parroquias tudenses. Tras a exitosa experiencia piloto posta en marcha en outubro en Guila-

re e Ribadelouro amplíase agora á totalidade das parroquias, destacando Baldráns, Randufe e Rebordáns. A iniciativa desenvolverase en grupos, de 15 persoas, maiores de 55 anos, a cargo de técnicos da Actividade Física e do Deporte de AFAGA.

XII Eurocidade BTT



O domingo 9 de marzo realízase a XII Eurocidade BTT, proba de ciclismo de montaña organizada

pola Peña Ciclista Biciosos Rías Baixas, en colaboración coa Eurocidade Tui-Valença e a Federación Galega de Ciclismo.

Teatro familiar en Tui

Facendo o indio" é o espectáculo para público familiar que o venres 7, ás 19 h chega ao Teatro Municipal de Tui. Galitoun Muppets volve a Tui con esta obra na que conta

os costumes ancestrais, a forma de vida dos indios americanos e os coñecementos adquiridos xeración tras xeración. As entradas están á venda en tui.gal aos prezos de 4€ e 3€.



Humanización do Paseo da Corredoira

O Concello de Tui deu comezo ás obras de urbanización do Paseo da Corredoira e da rúa Augusto González Besada, unha intervención destinada á recuperación deste espazo como punto de encontro e convivencia, garantindo a mellora da mobilidade peonil, a integración urbana e a renovación das infraestruturas nunha contorna histórico. Trátase da Fase 1 dun proxecto que conta cun investimento de 1.165.581 euros, financiado polo programa PON2030 da Deputación. O prazo de execución estimado é de oito meses.

A actuación inclúe a substitución do adoquinado na antiga zona de estacionamento do tramo



sur, na marxe oeste, por lousa de granito. Tamén se procederá ao acondicionamento do acceso ao Paseo da Corredoira dende a rúa

Ordóñez, creando un espazo diferenciado que disporá dunha zona de carga e descarga e dunha área de estancia con arborado.

Licitados derradeiros postos do Mercado de San Antonio

O Concello de Tui vén de sacar a licitación os derradeiros catro postos vacantes do Mercado de San Antonio. Até o 13 de marzo as persoas interesadas poden presentar a súa solicitude por rexistro de entrada na casa do concello ou a través da Sede Electrónica do Concello de Tui.

Os postos dispoñibles son o 3 destinado a carnicería cunha superficie de 34 m², o 5 para comida para levar de 17 m², o 12 para Froita e Verdura de 17 m², e o 13 para Alimentación como bacallau e produtos conxelados entre outros de 17 m². Con esta licitación o



obxectivo é completar e enriquecer a oferta actual e satisfacer as demandas dos consumidores. O canon base de licitación é de

250€/m². Así o canon mínimo do posto a 15 anos é de 8.500€ para o posto 3 e de 4.250 € para os postos 5, 12 e 13.

Acto do Centenario Manuel Lago González

O venres, 7 de marzo, ás 19 h no espazo sociocultural da rúa Camilo José Cela, celebrarase o acto conmemorativo

da RAG do centenario do pasamento do tudense Manuel Lago González (Tui, 1865 – Compostela, 1925). O relixioso e escritor foi

un dos organizadores dos Xogos Florais que se desenvolveron en Tui en 1891, os primeiros da historia integramente en galego.

IV Xornadas Rosendo Salvado



Dende o 25 de febreiro e até o 1 de marzo o Concello de Tui organiza a IV edición das Xornadas Rosendo Salvado (1814-1900) dedicadas á reivindicación do seu excepcional legado.

Lembrando a data do seu nacemento o 1 de marzo de 1814 esta edición reunirá a diversos especialistas na vida e obra do beneditino tudense e fundador da abadía de Nova Nursia na

Australia occidental. Destacan no programa as conferencias "A viaxe infinita de Rosendo Salvado" a cargo do xornalista Valentín Carrera e de Xoán M. Carreira e Maruxa Baliñas: "Salvado y la Sociedad Filarmónica de Perth"; a estrea da serie documental "Rosendo Salvado, aventura e misión dun galego en Australia" dirixida por Valentín Carrera; e un percorrido polo lugares vinculados a Rosendo Salvado.

O legado de 8 rosaleiras



Con motivo do 8M, o Concello celebrará un innovador roteiro guiado denominado "8 mulleres" e que percorrerá a historia de rosaleiras que foron clave no desenvolvemento do municipio, reivindicando o seu legado moitas

vezes silenciado. Ao roteiro que partirá da Casa do Concello ás dez da mañán, seguiralle unha concentración na Praza do Calvario ás 13 horas. Todas as persoas inscritas na actividade recibirán un agasallo conmemorativo.

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

RESTAURANTE

O Vello Cabalo Furado

R/ Seijas, 2 -baixo. 36700 TUI. Telf: 986 603 800

CHAMBO LIBRIS

ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Remodelación da Alameda da Ramallosa

O Concello de Nigrán ven de licitar a remodelación da Alameda da Ramallosa de cara a mellorar a calidade de ocio da veciñanza neste lugar de especial interese paisaxístico e co obxectivo de por en valor este núcleo neurálxico. O orzamento base é de 962.204€ incluídos no ‘Programa Pon2030’ da Deputación, debendo estar rematadas as obras no prazo máximo de 2 meses desde a súa adxudicación.

A rehumanización inclúe todo este espazo de 10.888 m² ao carón do esteiro do Miñor e do carril bici, plantexando funda-



mentalmente un redeseño deste último e dos itinerarios peonís, actualmente ambos moi inseguros en tramos como o do Centro da

Terceira Idade, onde se produce un corte e unha confluencia conflictiva entre os diferentes usuarios.

Nova Biblioteca para A Guarda



O Alcalde Roberto Carrero informou que o antigo edificio do Concello da Guarda albergará para este 2025 a nova Biblioteca Municipal e Sala de Estudos, no marco

do programa e emprego de albanelaría Manuel Portela X, que deu comezo o pasado decembro. Un total de 20 persoas desempregadas participan no obradoiro.

Trail Adventure Muíños do Folón

O 23 de febreiro, O Rosal viviu unha nova edición do Trail Adventure Muíños do Folón, unha carreira de montaña con máis de 600 deportistas chegados de 12 provincias de España e do norte de Portugal. O percorrido incluíu un tramo inédito polo miradoiro do Niño do Corvo, un enclave cunha impresionante panorámica da comarca.



PSOE denuncia “desfeita” no mercado de Goián

O grupo das socialistas tomiñenses denunciaron as obras que dende o Nadal ven realizando o goberno municipal no mercado de Goián e que afectan a súa principal arteria viaria, a Avenida Ordóñez, así como ao comercio local catro anos des-



pois da súa humanización. Criticaron que o goberno “min-te” ao xustificar estas obras pola presunta petición do/as praceiro/as, toda vez indicaron que estas obras están actualmente paralizadas polas denuncias realizadas polos vecinos.

AECT Rio Minho en 2025

A AECT Rio Minho reuniuse na súa sede en Valença para trazar os lineamentos principais baseados en reforzar a cooperación transfronteiriza, apoiar proxectos estratéxicos de desenvolvemento do territorio, potenciar as sinerxias dos 26 municipios pertencentes e mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

No acto estiveron presentes José Manuel Carpinteira, director da AECT Rio Minho e presidente da Cámara de Valença; Luís López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra; Roberto Álvarez Carrero, vicedirector da AECT e Alcalde de A Guarda; de Paulo Queiroz, primeiro secretario executivo da CIM Alto Minho.

Persistencia da praga de moscas en Tomiño

O PSOE de Tomiño leva dende febreiro de 2022 preguntando, preocupándose e instando ao Goberno de Sandra González (BNG) a tomar iniciativas ante a reiterada praga de moscas. En 2023 o Con-

cello asinou un convenio coa UVigo para elaborar un estudo, presentado en 2024, pero o PSOE denuncia que o goberno municipal busca desviar a atención ante unha labor que consideran se realiza de maneira “informal”.

+55

Pompas Fúnebres del Condado

Gracias

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Aforro enerxético para Oia, Tomiño e Tui

O deputado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos e Finca Areeiro da Deputación de Pontevedra, Javier Tourís, visitou os Concellos de Oia, Tomiño e Tui coa oficina móbil do programa +Renovables, coa que a Deputación está a descentralizar os servizos que se prestan desde a Oficina de Transformación Comunitaria en Barro para implicar os Concellos menores de 50.000 habitantes nos retos da sostibilidade.

O deputado provincial reuniuse coas alcaldes de Oia e Tomiño, Cristina Correa e Sandra González,



e co alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, para divulgar esta oficina e as actuacións que +Renovables

promove. O programa está dotado de 750.000 €, con 500.000 € de fondos NextGenerationEU.

Plano de Ação Cerveira-Tomiño 2025

Com o enfoque no fortalecemento de uma cooperação transfronteiriça mais integrada e próspera, a Eurocidade Cerveira-Tomiño prossegue, em 2025, com a concretização de atividades com impacto nas dinâmicas de ambas as populações.

O Comité de Gestão Estratégica da Eurocidade em Vila Nova de Cerveira, com os autarcas Sandra Gonzalez e Rui Teixeira, a aprovarem mais um pacote de ações para o futuro. A Eurocidade tem previstas cerca de 15 ações enquadradas em áreas fundamentais como a sustentabilidade ambiental e a economia circular, a cultura e



o desporto, a conciliación familiar e a juventude, consensualmente chanceladas pelos projetos REDEGOV e ADAPT, com um investi-

mento aproximado de 900 mil euros, cofinanciado em 75% pelo FEDER através do POCTEP, até 2026.

O Cabo Fradera volveu á Guarda tras trece anos

O patrulleiro Cabo Fradera da Armada Española atracou na Pasaxe do porto da Guarda o pasado 26 de febreiro tras trece anos de ausencia. A embarcación forma parte das patrullas de vixilancia no Tramo Internacional do Río Miño.

Á visita guiada realizada polo Tenente de Navío e comandante do buque Pablo Navarro asistiron alumnado escolar, o Alcalde Roberto Carrero, o tenente de Alcalde Óscar Alonso e o concelleiro Isidro Lomba.



Vigo e Baiona exploran cooperación turística

O alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuiña, recibiu ao presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Carlos Botana, co propósito de estudar posibles vías de colaboración ante a cada vez maior chegada de cruceiristas a Vigo e o interese das navieiras por dar a coñecer a contorna marítima e o Val Miñor. Botana destacou as oportunidades que ofrecen o Espazo Atlántico, os viños das Rías Baixas e o Faro de Cabo Silleiro como reclamos turísticos toda vez asegurou o



reforzamento da colaboración co Concello no Foro de Economía Azul (Blue Atlantic Forum)

O Mosaico romano de Panxón preside o Salón de Plenos



O recentemente recuperado mosaico romano de Panxón (S.III d.C.) preside o Salón de Plenos do Concello de Nigrán para o deleite de quen desexa contemplar de preto

ao xa famoso peixe e debater con criterio se é muxo ou robaliza. Atrás queda un periplo de máis de 1.800 anos, 14.112 km e un lustro de trámites para traelo de volta a casa desde New York.

Campionato Galego de patinaxe artístico

O Club Patinaxe Artística Gondomar organizou os días 1 e 2 de marzo no complexo As Travesas de Vigo o Campionato Galego 2025 de grupos show e cuartetos.

Por outra banda, o Concello publicou as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para as comisións de festas parroquiais deste 2025.



Puza - San Mateo - Pontearreas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Pontearreas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874



Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
grupoluco@covelo.cc
986 644 036
www.covelo.cc



LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontearreas
mifollas@mundo-r.com

MISCELANEA

Xunta e AdriMinho potenciarán o sector agroalimentario

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, mantivo un encontro con representantes da Associação de Desenvolvemento Rural Integrado do Vale do Minho (AdriMinho) para analizar os avances do proxecto Visit Minho Plus, no que colaboran a través do programa transfronteirizo Interreg POCTEP.

O encontro serviu analizar as potencialidades que ofrecen os recursos da zona, entre as que se destacan a gastronomía, a natureza ou o patrimonio, así como a Artesanía Alimentaria



entre os socios do proxecto, entre os cales se encontra como beneficiario principal a AECT Río Minho.

Vigo pide 12M€ para transformación urbana

Abel Caballero anunciou a presentación dun novo Plan de Actuación Integrado (PAI) co que pretende pedir 12M€ en fondos FEDER para cons-

truír novas rampas, humanización, carril bici pola avenida Europa como corredor verde, a rehabilitación dos museos Liste e Quiñones e a transformación do eixe Gran

Vía-Castrelos dende Praza España, O Castro, Praza América e As Travesas. O investimento global destas actuacións é de 20M€, dos que o Concello achegará 8M€.

Escaparates por Rosalía de Castro

A figura de Rosalía de Castro protagoniza este mes de febreiro os escaparates de doce librarías galegas que participan no Concurso de Escaparates convocado pola Federación de Librarías de Galicia, un certamen

que busca reivindicar á literata e pensadora galega e, ao mesmo tempo, incentivar a creatividade e das librarías asociadas.

As librarías participantes son Anagrama (Arzúa), Brañas Verdes (Carballo), Copi-Rey (O Porriño),

Couceiro (A Coruña), Lila de Lilit (Santiago de Compostela), Mobby Dick (Coruxo), Nobel A Coruña, Nobel Arousa, Nobel Internacional (Ourense), Nobel Marín, Nobel Pontevedra e Porto (Ponteareas)

BNG pide crear unha Valedoría de Igualdade

De cara ao 8M, o BNG provincial vén de presentar unha moción para que a Deputación de Pontevedra reforce a súa área de Igualdade e que o Pleno da Corporación inste á Xunta de Galicia a aprobar neste 2025 unha Valedoría de Igualdade que actúe como autoridade independente

para abordar cuestións de xénero. Destacou a súa preocupación por como o goberno do PP reduciu progresivamente o orzamento da área de Igualdade, pasando do 1,17% do total no ano 2023 a apenas o 0,80% no 2025, cuantificando os recortes en termos absolutos en máis de 435.000€.

O Parlamento Europeo degustará o viño galego



A Xunta e os consellos reguladores das cinco denominacións de orixe (DO) vitivinícolas de Galicia (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras) colaboran para poñer en valor e promocionar o viño galego mediante unha acción extraordinaria no Parlamento Europeo en Bruxelas.

Así, está previsto que nesta xornada de promoción, os presidentes das cinco DO expoñan a situación do sector, a súa historia, identidade e principais retos (ambientais, burocráticos, comerciais etc.). Ademais, estas intervencións complementaranse coa degustación de viños e outros produtos galegos de calidade diferenciada.

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

Óptica mahen

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

rúa senén canido, 4

ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES

TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados hinos. durain s.l.

www.forjadosduran.com

Mereces
 ELIXIR.

GADIS

300 propostas para o novo Teatro Cine Fraga

A vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Luisa Sánchez, e o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, celebraron a “alta participación e implicación cidadá” para enriquecer o plan de usos do Teatro Cine Fraga, tras ter recibido máis de 300 propostas na caixa de correos virtual, aberta a suxestións desde finais de agosto ata o pasado mes de outubro.

Unha gran parte das suxestións enviadas foron na liña de demandar a recuperación do Teatro



Cine Fraga como parte do patrimonio cultural da cidade, seguidas daquelas centradas en reivindicalo

como espazo para paliar un baleiro cultural.

Proxecto piloto de IA para seguridade industrial

A startup Logicmelt, instalada no Polígono de Bouzas e especializada na aplicación de Intelixencia Artificial, Visión e Computación Edge para optimizar a eficiencia e seguridade na industria, presentou no laboratorio da High Tech Auto e ante o Delegado do Estado da Zona Franca, David Regades, o seu proxecto piloto para mellorar a seguridade nos recintos utilizando IA. O proxecto permite a utiliza-



ción de cámaras de videovixilancia para dar alertas en tempo real

para o seguimento das persoas, cun sistema múltiple de cámaras.

Galicia, pioneira en destilados de derivados vinícolas

De visita a unha adega na localidade coruñesa de Vedra recoñecida co Premio Alimentos de España, a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, destacou o traballo do consello regulador das Indicacións Xeográficas dos Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, unha labor pioneira como a primeira comunidade española en contar cun organismo que certifica os destilados de derivados vinícolas.

Actualmente hai 133 produtores, 15 destiladores e 22 elaboradores e envasadores rexistrados



neste consello regulador e no 2023 certificouse unha produción de máis de 368.500 litros destes produtos, cun valor económico estimado de máis de 4 M€.

A Xunta promoverá eventos como as Catas de Galicia ou a presenza en feiras, caso de Madrid Fusión, o salón Gourmets ou a Barcelona Wine Week.

Zona Franca e Navalia renovan convenio ata 2026



Co horizonte da X edición da Feira Internacional da Industria Naval, Navalia, a celebrarse en Vigo do 19 ao 21 de maio de 2026, o delegado do Estado da Zona Franca, David Regades, e o director desa edición de Navalia, Javier Arnau, acordaron renovar o convenio de colaboración ata 2026 para continuar impulsando “un evento clave para este sector

industrial e para Vigo”.

Arnau tamén informou da III edición de Navalia Meeting a celebrarse en Cádiz a finais de setembro deste ano e na que a Zona Franca participará como membro do Comité Executivo. Este evento reúne aos líderes da industria naval para fomentar o networking e as relacións estratéxicas.

“Volta de Gloria” en Hungría



Tras ser presentado en FITUR, a “Volta de Gloria”, o primeiro itinerario cultural e paisaxístico circular baseado en dúas Rutas Xacobeas (o Camiño de Fisterra Muxía e o Camiño da Ría de Muros Noia), deuse a coñecer nas cidades de

Budapest e Szeged. Este itinerario foi presentado por José Antonio de la Riera, o fundador de entidades como a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, a Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago e a Asociación Vía Mariana.

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Caliza



Fiosan

Construcción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675

fiosanconstruccion@gmail.com